

**DEPUTACION PROVINCIAL**

**A CORUÑA**

**ACTA da Sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 30 de MAIO DE 2001**

**ORDE DO DÍA** dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria, que se celebrará o vindeiro Mércores, día 30 de maio de 2001, ás DOCE HORAS.

### ASUNTOS

- 1.- Aprobación da acta anterior, correspondente á sesión celebrada o día 27 de abril de 2001.
  - 2.- Toma de coñecemento das Resolucíons dictadas pola Presidencia, da nº 7.000 deica a nº 8.899.
  - 3.- Aprobación da modificación da obra denominada Mellora do parque Quintán-Mondego do concello de Sada, incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan de protección do ambiente 1999-2000. Código 00.3440.0274.0
  - 4.- Aprobación da 2ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 Deportes 1998-2001.
  - 5.- Aprobación da 10ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes 1998-2001.
  - 6.- Aprobación das bases reguladoras do Programa 2001 de reparación de danos extraordinarios en infraestructuras municipais na provincia da Coruña.
  - 7.- Modificación do POL 94-99 e do financiamento da anualidade 1998 pola aprobación do proxecto reformado Edares de Ameixenda e Lires, concello de Cee, código 98.2300.0112.0
  - 8.- Aprobación do proxecto reformado da obra plurianual Ampliación e mellora do trazado na E.P. - 0514 de Arteixo a Caión, km. 0,0 a 5,5 pl., concello de Arteixo, incluída no POL adicional 3/98 e POL 1999. Código 98.2303.0129.0 e 99.2300.0129.0
  - 9.- Proxecto reformado da obra Instalación de protección civil en Mazaricos.
  - 10.- Proxecto reformado da obra Instalación de protección civil na Pobra do Caramiñal.
  - 11.- Convenio coa Real Academia Galega para o financiamento de gastos xerais de funcionamento.
  - 12.- Modificación do Convenio colectivo de persoal laboral.
- FUERA DEL ORDEN DEL DÍA  
ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIONES  
ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### A CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 30 DE MAIO DE 2001.

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, sendo o día 30 de maio de 2.001, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

|                                     |      |
|-------------------------------------|------|
| DON JUAN BLANCO ROUCO               | PP   |
| DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ         | PP   |
| DOÑA PILAR CANDOCIA PITA            | BNG  |
| DON JOSE MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ    | PP   |
| DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA      | PSOE |
| DON JOSE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA   | PP   |
| DON ANTONIO ERÍAS REY               | PP   |
| DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA | PSOE |
| DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO     | PP   |
| DON JOSE LUIS FONDO AGUIAR          | PP   |
| DON JOSE GARCÍA LIÑARES             | PSOE |
| DON CARLOS GLEZ. GARCÉS SANTISO     | PSOE |
| DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ  | PSOE |
| DON CARLOS LÓPEZ CRESPO             | PP   |
| DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO              | PSOE |
| DON MANUEL MIRAS FRANQUEIRA         | PSOE |
| DON MANUEL MOSCOSO LÓPEZ            | PP   |
| DON FÉLIX PORTO SERANTES            | PSOE |
| DON MANUEL POSE MIÑONES             | PP   |
| DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ        | PSOE |

|                                     |      |
|-------------------------------------|------|
| DON FRANCISCO JAVIER QUIÑOY TABOADA | PSOE |
| DON AUGUSTO REY MORENO              | PSOE |
| DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL          | BNG  |
| DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ     | PP   |
| DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ      | BNG  |
| DON JOSÉ TOJA PARAJÓ                | PP   |
| DON MANUEL VARELA REY               | PP   |
| DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS        | BNG  |
| DON JESUS VILLAMOR CALVO            | PP   |

Escúcase o Sr. Mosquera Maceiras.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario procede a le-los asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos nos que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE ABRIL DE 2001.**

Préstase aprobación a acta da sesión anterior, correspondente á celebrada o día 27 de abril de 2001.

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 7.000 DEICA A Nº 8.899.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 7.000 deica a nº 8.899.

**3.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA OBRA DENOMINADA MELLORA DO PARQUE QUINTÁN-MONDEGO DO CONCELLO DE SADA, INCLUIDA NA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE 1999-2000. CÓDIGO 00.3440.0274.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a modificación da obra denominada Mellora do parque de Quintán-Mondego (código 00.3440.0274.0) do Concello de Sada, do que a contratación lle corresponde ó concello, que foi incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 30.06.00, dado que a modificación non supón variación, nin no obxecto, nin na finalidade, nin no orzamento da obra nin do plan no seu conxunto.”

#### **4.- APROBACIÓN DA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001.**

##### INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

O noso grupo vai unificar, tanto para efectos do debate como tamén da emisión de voto o punto nº 4 e nº 5, dado que en realidade se trata de dúas partes do mesmo tema. En todo caso é a reiteración dunha posición que nosoutros xa levamos mantendo desde hai bastante tempo, que se refire a algo que tamén é obxecto de debate deste foro nos últimos plenos.

O pasado día 16, no Pleno extraordinario que celebramos, aprobouse unha proposta do grupo de goberno de anulación de baixas de catro plans, paréceme que eran, baixas que ademais correspondían a dereitos -entendemos nosoutros- adquiridos por parte dos concellos, pero que se xustificaban en función de que a gran diversidade dos plans existentes nesta deputación creaba unha complexidade moi grande á hora da súa xestión, é dicir, que a multiplicidade de plans, convocatorias, etc., etc., daba lugar a que, efectivamente, a xestión da planificación convértase ás veces, case case, menos que en imposible.

Nosoutros sempre fomos favorables a que se racionalizara, que se coordinara, mesmo a que se unificara, todo o sistema de convocatorias dos plans da deputación, pero nembargantes o que estamos percibindo é que iso non é a estratexia que está seguindo o grupo de goberno. ¿Por qué digo todo isto?. Pois porque xustamente nestes dous puntos que imos aprobar hoxe aquí o que vemos é que efectivamente séguese mantendo esa mecánica. A aprobación da 2ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 deportes e a aprobación da 10ª fase da anualidade 98 do Plan 2000 deportes tamén, veñen a evidenciar dalgunha forma que a teoría na que nos movemos, o discurso no que nos movemos, despois na práctica non se está efectuando.

Eu quería sinalar aquí que este plan, do cal imos aprobar hoxe aquí dúas fases, comezouse a xestar, en concreto o plan no seu conxunto aprobouse máis nada e nada menos que o 29 de maio de 1998, hai xustamente tres anos, e en tres anos estamos hoxe aquí aprobando máis nada e nada menos que a segunda fase da anualidade 2000 e a décima fase da anualidade 98. Claro, desde o punto de vista da planificación, programación, ou como se lle queira chamar, eu creo que a ninguén se lle escapa de que isto parece un auténtico e absoluto caos. E moito máis se temos en conta que o que se aproba é unha das fases, en concreto o primeiro punto, que é a segunda fase da anualidade 2000 son tres obras; e o que se aproba no seguinte punto, que é a décima fase da anualidade 98 é unha obra.

Digo todo isto porque ó entender do noso grupo isto é revelador de que efectivamente aquí, á parte de fallar a concepción da propia planificación que se fixo, está fallando a mecánica de corrección que teoricamente se quería aplicar para que isto funcionara doutra maneira. E despois dos dous anos de lexislatura, que se van cumprir, nos cales teoricamente se estaba modificando esa mecánica, estamos con máis do mesmo.

Finalizo dicindo que nosoutros ímonos abster polas razóns que xa aclaramos na aprobación das sucesivas fases anteriores, unha razón máis de peso engadida, que é precisamente esta maquinaria infernal que nunca acaba de terminar, e aproveito para pedir oficialmente, porque nos interesa sabelo, que se elabore unha relación de cál é o resultado de toda esta planificación, porque despois, estes puntos que aprobamos, como estamos aprobando hoxe aquí, teñen sempre unha segunda parte, que son os modificados ás sucesivas fases, é dicir, o que estamos aprobando hoxe aquí é aínda a primeira parte, naturalmente terán unha segunda entrega cando nos cheguen, como nos están chegando, os modificados a todas e cada unha das obras que se están tramitando a traves deste Plan 2000 deportes. Polo tanto, aproveito para pedir oficialmente que elaboren, os servicios correspondentes, unha relación de cal é o nivel de cumprimento de todo este plan, desde que empezou a articular, e desde logo cáles están sendo as incidencias en todas e cada unha das obras que se están executando.

Imos manter, como xa dixen antes, a posición de abstención. Moitas gracias.

(Sae o Sr. Quiñoy Taboada)

Sr. Fernández Moreda

Nosoutros imos votar que si ó punto nº 4 e o punto nº 5. E imos votar que si en base ás argumentacións que demos no pleno anterior para opoñernos á supresión das obras pendentes dos plans de anos anteriores, é dicir, son obras que os concellos contan con elas e hai que facelas.

O que si é curioso é observar que aprobamos o 30 de maio a segunda fase da anualidade 2000 e a 10ª fase da anualidade do ano 1998. E estas cousas non son irremediabes, nin pasan porque teñan que pasar; estas cousas pasan porque se fan as cousas mal, e ó facerse as cousas mal, tres anos despois temos que estar aínda aprobando fases de anualidades de plans aprobados e de anualidades de hai tres anos. Entón o que pedimos é que, no futuro, trate de corrixirse isto. Estas cousas pasan porque se fai un plan precipitadamente, dáse-lle pouco prazo ós concellos para poder presentar os proxectos, e para non prexudicar ós que os presentan en tempo e en prazo apróbese unha primeira fase, e a medida que se van presentando logo os proxectos corrixidos e con tódalas bendicións, pois vanse creando fases. E isto produce distorsións, distorsións na mecánica administrativa, distorsións mesmo na posibilidade de seguir a execución dos plans, e o que pedimos -estas cousas hai que facelas, están mal feitas desde atrás, e hai que acabalas-, o que pedimos é que a partir de agora trate de corrixirse, cando se faga un plan, déase prazo suficiente, anúnciese con antelación suficiente, se pode ser a principios de ano e non a mediados de ano, para que os concellos presenten en prazo toda a documentación esixida e se poida tramitar facilmente. Certo que eu tamén comparto moito do que dixo o Sr. Rodríguez Doval, agora estamos aprobando a 10ª anualidade, pero seguro que dentro de seis ou oito meses imos aprobar unha modificación ou un reformado dun plan da 10ª anualidade do ano 98.

Sr. presidente, imos votar si porque consideramos que hai que votar que si, pero pedimos que no futuro a tramitación dos plans se faga seriamente, con máis tempo, con máis cabeza, para evitar estas cousas no futuro. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Varela Rey

Respecto ós dous puntos, tanto o punto 4 coma o punto 5 son aprobación de fases do que é o Plan 2000 deportes, e eu creo que habería que baixarnos a concretar por exemplo, a 10ª fase da anualidade 98, e remitirnos ó Concello de Mañón que é quen o solicita, e é ben coñecido que o Concello de Mañón tiña a idea de levar a cabo a construción dun campo de fútbol próximo á costa, de quen parte a proposta é do propio Concello de Mañón, coa mellor idea de poder levar a cabo esa obra, pero por unha tramitación con Costas non lle permitiu realizar e executar o tema de vestiario fundamentalmente, e polo tanto, chegou un momento que solicitou, unha vontade tamén por parte do propio concello, modificar o investimento destinado a ese campo de fútbol para un pavillón polideportivo. Eu creo que en ningún caso é imputable á deputación, non é un tema de prazo tampouco, estamos falando de moito tempo, e o que estou seguro é que o concello de Mañón a decisión que tiña, e a vontade política, era a de ter ese campo de fútbol. Hai un organismo que, pola tramitación, non lle permite, e aí é onde ten que actuar a Deputación provincial. Eu creo que ten que actuar, primeiro, con comprensión cara o concello que está facendo a petición; segundo, respectando a autonomía dese propio concello,

que foi quen propuxo a construción dese campo de fútbol; e terceiro, eu creo que hai que actuar con xenerosidade para que non perda o financiamento, e permitir que esa obra, que era a que querían facer, que a poidan trasladar a outro investimento. E polo tanto creo que neste caso a Deputación provincial debe actuar na liña proposta por parte do goberno municipal, por iso solicitamos o seu apoio, e solicitamos a defensa deste punto. E o mesmo que pasa co de Mañón é unha situación moi parecida á do Concello de Boqueixón. Moitas gracias.

### Sr. Rodríguez Doval

Con dúas precisiones. Sería bo que este debate non se dirixira como se acaba de facer polos posibles prexuízos que se lle crearan ós concellos no ano 98, cando se aprobaron unhas bases que non tiñan nin pés nin cabeza, e eses, non posibles, senón reais, prexuízos, creáronselles ó aprobar unha dinámica que se sabía que estaba mal e a responsabilidade política de aprobación desa dinámica é dun grupo político, que é o Partido Popular, falemos con claridade. Entón, que non se veña agora aquí utilizando que, claro, se non aprobamos prexudicamos, porque estamos prexudicando de feito, eu non dixen que fora responsabilidade dos concellos, por máis que me conste que nalgúns casos cando se di que xa dispón dos terreos, hai que dispor dos terreos, senón non se pode dicir que se dispón dos terreos, e quizais existe un costume nalgúns concellos de escribir que dispoñen dos terreos e despois veñen os resultados o non dispor dos terreos. Tamén temos que ser algo pedagóxicos neste aspecto, non paternalistas, pero si pedagóxicos. En todo caso, xa digo, haberá responsabilidade tamén particular dos concellos, pero a maior responsabilidade é dunha decisión política que se tomou no seu día, e da cal seguimos hoxe aínda dando sacudidas, pero sacudidas tan claras como que chegamos ó absurdo e a unha actitude tan pouco presentable como é presentar unha fase cunha soa obra, ¡concho!, porque a min vostedes pódennme dicir que leva tempo xestionar un plan, cando xestionar un plan de 94 concellos son 94 obras, eu pódoo entender, hai alguén que lle faltan datos, hai alguén que lle falta información, hai alguén que lle falta outro tipo de cuestións, de documentos, pero vostedes tráennme aquí unha fase que é unha obra soa, ¡pois mira que é difícil xestionar unha obra!, ¡e chamámolo plan aínda encima!. Claro, así está a planificación desta casa, con plans que son unha obra. Entón, para esta viaxe non facían falta estas alforxas, nin plan nin nada; houbera sido total e absolutamente válido outro mecanismo que se escollera, e nosoutros -e termino-, somos partidarios da xenerosidade, pero coa xenerosidade as intencións teñen que ter efectividade, e sobre todo, credibilidade, e a min paréceme que aprobar un plan con tres anos de retraso dá bastante pouca dose de credibilidade á institución que o fai, e alguén terá a responsabilidade disto, porque parece que aquí nesta institución gobernamos todos, e aquí non gobernamos todos ¡eh!; aquí gobernan algúns, e outros dixemos algo que, volvo dicir, vólvanse atrás as actas, revítese o que se dixo e véxase que algunha razón tiñamos cando dicíamos que a mecánica que se iniciaba ía levar ó que ía levar. Moitas gracias.



## VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15- PP e 10 -PSOE)

Votan en contra: Ningún.

Abstéñense: 5 deputados (4 -BNG e 1 -PSOE, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación, art. 74.1 do Regulamento Orgánico).

## ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistos os proxectos técnicos adaptados ás parcelas das instalacións que se indican no anexo a este acordo, incluídas na Programación plurianual do plan 2000 deportes, anualidades 1998-2001, que foi aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 29 de maio de 1998 e do que as bases reguladoras foron aprobadas polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 27.02.98 e publicadas no BOP nº 48 do 28.02.98.

Vista a documentación xustificativa remitida polos respectivos concellos, e en particular, a documentación remitida polo concello de Boqueixón xustificativa do cambio de obra, así como os informes técnicos favorables emitidos polo Servicio provincial de Arquitectura.

1º.- Aprobar a segunda fase da anualidade 2000 do Plan 2000 deportes na que se inclúe a realización das instalacións deportivas que se relacionan no anexo a este acordo e do que o detalle de distribución do financiamento entre a deputación e concellos é o que se detalla nel.

2º.- Aprobar os proxectos técnicos e contratos conexos das obras incluídas nesta fase.

3º.- Aprobar o cambio solicitado polo Concello de Boqueixón dentro do Plan 2000 deportes, de modo que en lugar da obra Campo de fútbol en Castrelo-Módulos 5 e7, incluída na anualidade 2000 de Programación plurianual do plan 2000 deportes, inclúase o módulo complementario (vestiarios) para o pavillón polideportivo en Lestedo, integrándose este módulo complementario xunto co módulo básico que xa estaba previsto na programación para esta instalación deportiva, nun único proxecto técnico da obra que agora se denomina Pavillón polideportivo en Lestedo-Módulos básico e complementario, do que a execución é plurianual para as anualidades 2000-2001 e do que o detalle de financiamento é o que se indica no anexo que se xunta a este acordo.

4º.- As cifras globais de financiamento desta fase son as seguintes:

| Achegas               | Anualidade<br>2000 | Anualidade<br>2001 | Total             |
|-----------------------|--------------------|--------------------|-------------------|
| DEPUTACIÓN            | 49.722.796         | 32.443.736         | 82.166.532        |
| ACHEGA CONCELLOS      | 5.275.000          |                    | 5.275.000         |
| CONC. PLAN 2000 INFR. | 7.800.000          |                    | 7.800.000         |
| <b>TOTAL</b>          | <b>62.797.796</b>  | <b>32.443.736</b>  | <b>95.241.532</b> |

O financiamento deste plan realizase con cargo á partida 0501/452D/60189 do vixente orzamento provincial.

5ª.- Someter o presente plan a exposición pública polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

En caso de non presentarse alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.”

## **5.- APROBACIÓN DA 10ª FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (15- PP e 10 -PSOE)

Votan en contra: Ningún.

Abstéñense: 5 deputados (4 -BNG e 1 -PSOE, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación, art. 74.1 do Regulamento Orgánico).

### **ACUERDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a documentación remitida polo Concello de Mañón xustificativa do cambio da obra denominada Campo de fútbol en Esteiro-Módulos 1, 4a e 6a, que fora incluída na Programación plurianual do Plan 2000 deportes, que foi aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 29 de maio de 1998 e do que as bases reguladoras foron aprobadas polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 27.02.1998 e publicadas no BOP nº 48 do 28.02.1998.

Visto o proxecto técnico adaptado á parcela da nova instalación Pavillón polideportivo no Barqueiro - módulo básico e complementario e demais documentación administrativa e técnica xustificativa desta obra que e inclúe na programación en lugar da anteriormente indicada:

1ª.- Aprobar a 10ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes na que se inclúe a realización de instalación deportiva que se relaciona no anexo a este acordo e do que o detalle de distribución do financiamento entre deputación e concello é o que se detalla nel.

2ª.- Aprobar o proxecto técnico e contratos conexos da obra incluída nesta fase.

3ª.- Aprobar o cambio de instalación deportiva solicitada polo Concello de Mañón dentro do Plan 2000 deportes, de modo que en lugar da instalación Campo de fútbol en Esteiro-módulos 1, 4a e 6a, inclúase dentro da Programación deste plan provincial a obra denominada Pavillón polideportivo no Barqueiro-módulos básico e complementario.

4º.- As cifras globais de financiamento desta fase son as seguintes:

| <b>Achegas</b>         | <b>Anualidade 1998</b> | <b>Anualidade 1999</b> | <b>Total</b>      |
|------------------------|------------------------|------------------------|-------------------|
| DEPUTACIÓN             | 46.438.037             |                        | 46.438.037        |
| ACHEGA CONCELLOS       |                        |                        |                   |
| CONC.. PLAN 2000 INFR. |                        | 8.055.000              |                   |
| <b>TOTAL</b>           | <b>46.438.037</b>      | <b>8.055.000</b>       | <b>54.493.137</b> |

O financiamento desta fase do plan realízase con cargo á partida 0501/4520/60189 do vixente orzamento provincial.

5ª.- Someter o presente plan a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen

oportunas, así como remítilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.”

## **6.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA 2001 DE REPARACIÓN DE DANOS EXTRAORDINARIOS EN INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS NA PROVINCIA DA CORUÑA.**

### INTERVENCIÓNS

#### Sr. Rodríguez Doval

Vou ser moi concreto porque nosoutros adiantamos, creo que en dúas ocasións, a posición do noso grupo, en todo caso valorando o interese tomado polo presidente en mellorar no que fora mellorable a tramitación para que non se convertera nunha tramitación tan complexa, e efectivamente, pois supoñemos que a variación que se produce nas bases que ían a aprobación do pleno anterior vai permitir que, desde logo, este plan acorde con carácter de urxencia o que tiña que abordar, e non precisamente unha tramitación que o convertía nun plan de carácter normal. De calquera forma, quero dicir que o noso grupo foi xa no seu momento discrepante coa forma de establecemento de reparto das cantidades a cada un dos concellos, e que nesa liña seguimos mantendo a mesma posición, que é unha posición negativa, pero xa digo, non tanto polas propias bases, senón por un criterio que nosoutros entendemos que non responde a ningunha racionalidade, que ademais non está sustentado no que poden ser as demandas específicas de cada un dos concellos, porque é un reparto, como se dixo aquí, lineal, e non é un reparto que teña en conta precisamente as demandas ou as necesidades de cada un dos concellos.

Polo tanto, matizo ese voto negativo, substentado fundamentalmente no problema de fondo, que non tanto nas bases que se traen hoxe aquí para aprobación. Moitas grazas.

#### Sr. Fernández Moreda

Brevemente, para anunciar o voto favorable do grupo socialista ó punto nº 6. É un plan que nosoutros nun pleno pedimos, que a deputación articulase axudas para os concellos que sufriron danos con motivo das chuvias torrenciais e os temporais que houbo a fin do ano pasado. Non é o plan que nosoutros fariamos, non fariamos un reparto lineal, hai concellos con máis danos e outros con menos danos, concellos que presentaron informes sobre danos,

concellos que non presentaron informes de danos, e non nos parece oportuno facer unha distribución liñeal. Pero é a decisión que vostedes tomaron; non é o que nosoutros fariamos, pero é mellor isto ca nada. E queremos tamén agradecer o esforzo que para a deputación supón destinar 500 millóns de pesetas, aínda que podían ir enfocados doutra maneira. Esta é a opción política, que cada un pode exercer, vostedes exercen esta, e nosoutros, responsablemente, preferimos votar que si a non ter ningún plan.

(Entra no salón o Sr. Quiñoy Taboada)

Sr. Varela Rey

Nosoutros entendemos que é unha decisión atinada, estamos facendo unha proposta que contribúa, que mellore e que axude ós problemas que tiveron tódolos concellos da provincia, con motivo dos temporais de inverno, e do outono xa, creo que non hai nin un só concello da provincia que non tivera danos nas súas vías provinciais, en temas eléctricos, de saneamento, de fornecemento de auga, creo que absolutamente todos, en maior ou menor medida. Polo tanto, a motivación dunha proposta lineal tamén vai motivada en que aqueles concellos de menor dimensión, de menor superficie, de menor poboación, seguro que son os que tiveron menos danos, en termos absolutos, pero tamén é certo que son os que ó mellor teñen maiores dificultades económicas e orzamentarias para facer fronte a este tipo de danos, e polo tanto entendemos que esa é a resposta que debe dar a deputación proponendo este tipo de axuda, e lamentamos o voto negativo do BNG a unha proposta que entendemos que beneficia a tódolos concellos, que trata de axudar, de colaborar, de ser corresponsable un pouco nesa situación, e achegar solucións.

E reiteramos que podía ser doutra maneira, evidentemente, podía ser con carácter proporcional, como pode ser o Plan de obras e servicios, ou podía ser outra maneira, pero a motivación fundamental é que os que menos economía teñen son os que teñen máis dificultade, e aí seguramente é onde temos que afanarnos máis e ós que mellor lle veñen, aínda que sexan eses cinco millóns, modificáronse incluso a presentación das facturas ou dos informes técnicos, para axilizar o tema. Pero en todo caso, do que si estamos seguros é que a resposta dos concellos xa está realizada no día de hoxe, porque claro, cando ten un problema inmediato, o concello o que ten é que resolvelo, e agora o que temos que resolver, ou polo menos tratar de axudar a paliar, é a cuestión económica, que é o que se está facendo nestes momentos, cun investimento moi importante, próximo ós 500 millóns de pesetas para tódolos concellos da provincia.

Polo tanto, o que solicitamos é que o BNG votara a favor desta proposta, pola incidencia que ten, positiva e favorable para tódolos concellos. Gracias.

## VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (15 -PP e 11 -PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún.

## ACUERDO

Préstase aprobación ó seguinte dictame da Comisión:

“1º.- Aprobar as Bases reguladoras do Plan 2001 de reparación de danos extraordinarios en infraestructuras municipais da provincia da Coruña, do que o texto figura como anexo ó presente acordo.

2º.- Dispoñer a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, considerándose definitivamente aprobadas no caso de non presentarse alegación ningunha.”

## **7.- MODIFICACIÓN DO POL 94-99 E DO FINANCIAMENTO DA ANUALIDADE 1998 POLA APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO EDARES DE AMEIXENDA E LIRES, CONCELLO DE CEE, CÓDIGO 98.2300.0112.0** INTERVENCIONES

Sra. Candocia Pita

Máis nada que para anunciar a nosa posición de abstención, porque como hai un aumento de orzamento, e na liña que sempre votamos, a nosa posición é de abstención. Gracias.

Sr. Fernández Moreda

Vou anunciar o voto favorable nos puntos 7, 8, 9 e 10. E facer unha única intervención para todos eles. Imos votar afirmativamente porque son proxectos que están en marcha e que hai que acabar, se hai modificados que hai que facer, pois hai que facelos.

O que si queriamos é facer tamén un pouco unha chamada de atención. Estas cousas pasan e seguirán pasando, ende mal, por moito empeño que poñamos en facer as cousas ben,

o que temos é que tratar de minimizar os alcances. A min sorpréndeme que a deputación aprobara, no POL 94-99, un proxecto para a construción dunha EDAR nunha zona de dominio público marítimo terrestre. Estas cousas, é dicir, este modificado, vén porque non se revisou o proxecto, ou porque a deputación que encargou o proxecto, fíxoo mal. E eu creo que teríamos que empezar a responsabilizar á xente dos seus actos e a pedir responsabilidades, porque aquí todo é de balde, fanse as cousas mal, non hai ningún responsable, a deputación tráeo, apróba, tramítao, modifícase o que haxa que modificar, ponse unha cantidade, pero non hai ningunha responsabilidade. Entón, que haxa causas sobrevidas que obriguen a cambiar un proxecto, é normal, e hai que asumilo; agora, que se modifique un proxecto porque se pretende unha instalación nunha zona de dominio marítimo terrestre, todo o mundo sabe que aí non se pode facer nada. Polo tanto, votamos que si, e estas cousas van pasar, Sr. presidente, por moito empeño que poñamos en correxilas, algunha vaise coar sempre porque somos humanos, pero eu o que lle pido, o grupo socialista, o que lle pide á deputación é que estes proxectos, que fai a deputación, revísense con rigor, que se fagan con rigor, e que se pidan responsabilidades, ás persoas que cobraron, porque posiblemente se encargaran esternamente, ás persoas que cobraron que se lle pidan responsabilidades. E non nos opoñemos a que haxa que pagar tres ou catro millóns máis, se ó mellor é mellor facer o proxecto ben e poñer no proxecto tres ou catro millóns máis; hai que facer un proxecto ben. Pero o que é absurdo é estar vindo a plenos con reformados cando as reformas que se fan son erros de bulto que non son xustificables. Polo tanto, votamos si, consideramos que hai que acabar as obras, iniciáronse e hai que acabalas e hai que acabalas ben, e se é necesario para isto facer un reformado, pois haberá que aprobalo, pero haberá que poñer os medios para que isto no futuro se minimize o máximo posible, e minimícese esixindo responsabilidades, o señor que pón a sinatura debaixo dun proxecto e que cobra, que se responsabilice do que asinou e polo que cobrou, porque senón, no futuro seguiremos traendo proxectos reformados, como non pasa nada, pois fanse as cousas sen moito rigor e sen moito coidado. Non o entendan como unha crítica, pasa en moitos sitios, pero como aquí pasa con farta frecuencia, poñamos os medios para que pase o menos posible.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (15 do PP e 11 do PSOE)  
Votan en contra: ningún.  
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Préstase aprobación ó seguinte dictame da comisión:

“1º.- Aprobar por un importe total de 33.972.541 ptas o proxecto modificado da obra Edares de Ameixenda e Lires, concello de Cee, (código 98.2300.0112.0) incluída no POL 98 que foi aprobada polo pleno da corporación na sesión celebrada o vinteseite de febreiro de 1998.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ó incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que ascende a 2.972.541 ptas., sobre contrata e 2.696.095 ptas. sobre adxudicación. O incremento finánciao integramente a deputación (código 98.2300.0112.1)

Con isto os datos de financiamento da obra 98.2300.0112.0 quedan como segue:

|                       | <b>Financiamento Inicial</b> | <b>Financiamento Reformado</b> | <b>Diferencia</b> |
|-----------------------|------------------------------|--------------------------------|-------------------|
| Deputación            | 5.440.500                    | 8.413.041                      | 2.972.541         |
| Deputación-concellos. | 1.550.000                    | 1.550.000                      | ----              |
| MAP                   | 1.534.500                    | 1.534.500                      | ----              |
| FEDER-MAP             | 4.045.500                    | 4.045.500                      | ----              |
| FEDER-LOCAL           | 18.429.500                   | 18.429.500                     | ----              |
| <b>TOTAL</b>          | <b>31.000.000</b>            | <b>33.972.541</b>              | <b>2.972.541</b>  |

2º.- Dispoñer a súa publicación no BOP para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

3º.- Remitir o expediente a informe do subdelegado do goberno en Galicia para os efectos establecidos no art. 29.2 de Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

4º.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándose emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa recepción.

5º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de Administración local de Galicia, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da solicitude.”



**8.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA PLURIANUAL AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA EP. - 0514 DE ARTEIXO A CAIÓN, KM. 0,0 A 5,5 PL., CONCELLO DE ARTEIXO, INCLUÍDA NO POL ADICIONAL 3/98 E POL 1999. CÓDIGO 98.2303.0129.0 E 99.2300.0129.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra plurianual Ampliación e mellora de trazado na EP-0514 de Arteixo a Caión, Km. 0,0 a 5,5 pl. (Concello de Arteixo) incluída no POL adicional 3/98 e POL 1999 código 98.2303.0129.0 e 99.2300.0129.0, que non supón incremento de orzamento sobre o proxecto inicial e ascende á cantidade total de 102.524.920 ptas. de orzamento de contrata.”

**9.- PROXECTO REFORMADO DA OBRA INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL EN MAZARICOS.**

INTERVENCIÓNS

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente adiantamos a nosa posición de abstención, no 9 e tamén no 10, que son dous proxectos reformados con aumento de asignación económica. Gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (15 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Préstase aprobación ó seguinte dictame da comisión:

“1.- Aprobar o proxecto reformado da obra Instalación de protección civil de Mazaricos, Concello de Mazaricos, código 99-4000.0045.8 por importe de 2.937.293.- ptas. que deberá financiarse con cargo á partida 0305/223.A62210 do vixente orzamento.

A modificación obxecto de aprobación ten a súa xustificación na “Adaptación das obras de urbanización ó estado e necesidades reais da parcela”.

2.- Dispoñer a exposición pública a memoria técnica reformada mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración Local de Galicia.

4.- Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

## **10.- PROXECTO REFORMADO DA OBRA INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL NA POBRA DO CARAMIÑAL.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (15 do PP e 11 do PSOE)  
Votan en contra: ningún  
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Préstase aprobación ó seguinte dictame da comisión:

“1.- Aprobar o proxecto reformado da obra Instalación de protección civil na Pobra do Caramiñal, código 99-4000.0067.8, por importe de 3.760.958.- ptas., que deberá financiarse con cargo á partida 0305/223.A/62210 do vixente orzamento.

A modificación obxecto de aprobación ten a súa xustificación en “... a aparición durante a realización da obra, o trazado dunha antiga estrada, así como a execución de traballos de urbanización necesarios para o correcto funcionamento do edificio. Contémplanse, así mesmo os axustes realizados durante o transcurso da obra que se refiren fundamentalmente a incrementos de medicións e de calidades.”

2.- Dispoñer a exposición pública a memoria técnica reformada mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

4.- Facultar ó presidente para canto proceda en orde á execución do presente acordo.”

### **11.- CONVENIO COA REAL ACADEMIA GALEGA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aproba-la subscrición dun convenio coa Real Academia Galega para financiamento de gastos xerais de funcionamento, segundo o seguinte texto:

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A REAL ACADEMIA GALEGA PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO.**

A Coruña, de de dous mil un, na sede da Deputación Provincial

#### **REUNIDOS**

D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Deputación da Coruña

D. Francisco Fernández del Riego, Presidente da Real Academia Galega

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

#### **MANIFESTAN**

Que ámbalas dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña, ten entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia, e máis concretamente en materia de cultura, educación de deporte, segundo o disposto pola Lei 5/97 de 22 de xullo, nos seus artigos 109 e 118, o que se vén

desenvolvendo a través da concesión de axudas e subvencións ás entidades da provincia que contribúan coa súa actividade ó desenvolvemento dos intereses peculiares dela.

Que en virtude das consideracións anteriores, con cargo ó Presuposto de 2000, na súa base de eecución núm. 46, foi aprobada a concesión dunha subvención nominativa para o financiamento dos gastos de funcionamento da Real Academia Galega por importe de 3.000.000.-

Que co fin de establece-las condicións de colaboración necesarias, a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega, acordan subscribi-lo presente convenio, segundo as seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA**

O presente convenio ten por obxecto a colaboración da Deputación Provincial da Coruña no financiamento dos gastos xerais de funcionamento da Real Academia Galega no ano 2000, cunha achega de 3.000.000.- ptas.

### **SEGUNDA**

Os gastos xerais a que se refire a cláusula anterior inclúen os conceptos seguintes:

- \* Honorarios conservadora técnica de museos
- \* Publicación da revista “As letras da Academia”
- \* Material informático non inventariable
- \* Material de oficina

### **TERCERA**

A Real Academia Galega fará constar de forma expresa a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade e divulgación que, das súas actividades, realice.

### **CUARTA**

O importe da cantidade sinalada na cláusula primeira transferirase á Real Academia Galega, en tres prazos como máximo, conforme se vaian xustificando os gastos correspondentes, e por importe das cantidades xustificadas, sempre que éstas non superen o

importe da achega mencionada. As xustificacións materializaranse por medio de certificación dos pagos realizados.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto minorarase a achega da Deputación ata a cantidade realmente xustificada.

No caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da Deputación non superará á cantidade de 3.000.000.- Ptas. que se establece na cláusula primeira.

Os pagos requirirán os informes favorables da Sección de Cultura e Deportes, e dos servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

A falta de xustificación no prazo sinalado, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ó reintegro do importe percibido e non xustificado, ó que se lle engadirá o correspondente xuro de mora, calculado dende a data da achega do primeiro prazo.

## **QUINTA**

O seguimento da execución do convenio realizarao a Sección de Cultura e Deportes da Deputación, constituíndose, ademais, unha comisión mixta que, integrada por dous representantes de cada unha das partes, resolverá as controversias que puideran surdir.

## **SEXTA**

Este convenio terá vixencia ata o trinta e un de decembro de 2001. A xustificación documental dos gastos derivados do cumprimento daquel haberán de presentalos antes do 31 de marzo de 2001.

## **SÉTIMA**

O presente convenio ten carácter administrativo e as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con él serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa.

Así o din, asinan e dan no lugar e data indicados no encabezamento

## **ANEXO**

### **PRESUPOSTO**

|                                   |                    |
|-----------------------------------|--------------------|
| 1.- Honorarios conservadora ..... | 1.650.000.- Ptas   |
| 2.- Publicación revista .....     | 1.350.000.- Ptas   |
| Total .....                       | 3.000.000.- Ptas.” |

## **12.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DE PERSOAL LABORAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Artigo 33º.- Xubilacións.

1.- Xubilación forzosa. A xubilación forzosa declararase de oficio ó cumpri-lo traballador os sesenta e cinco anos de idade, agás cando, ó cumprila, non acredite o período mínimo de cotización á Seguridade Social para causar dereito a pensión, suposto no que se prorrogará de oficio a situación de servizo activo polo tempo necesario para cubri-lo devandito período mínimo de cotización esixido, momento no que se producirá a baixa de maneira automática.

No obstante o disposto no parágrafo anterior, a declaración de xubilación non se producirá ata o momento en que os traballadores cesen na situación de servizo activo, naqueles supostos nos que voluntariamente prolonguen a súa permanencia nela, ata, como máximo, os setenta anos de idade. Para tal efecto poderán optar pola prolongación da permanencia no servizo activo, mediante escrito dirixido ó presidente da Deputación cunha anticipación de dous meses, como mínima, á data na que cumbran os sesenta e cinco anos de idade, entendéndose recoñecida pola Deputación a dita prolongación se non se tivera notificado ós interesados resolución expresa e motivada en contrario antes dos quince días que preceden a aquela data.

Artigo 53º.- Anticipos

....

2.- A contía dos citados anticipos será de ata catro mensualidades cun tope máximo de 1.000.000 pesetas.

....

Disposición Adicional 2.- Non será de aplicación o prazo de dous meses establecido no artigo 33º.1 para os traballadores que cumpran os sesenta e cinco anos de idade nos meses de xuño, xullo e agosto do ano 2001.

## **FÓRA DA ORDE DO DÍA**

### Sr. Blanco Rouco

Sr. presidente, antes de pasar ós puntos seguintes, eu rogaría que se incluíse fóra da orde do día, e asemade que se votase a urxencia da proposta que quedou sobre a mesa no pleno anterior, e aprobada na Comisión de Ambiente, Agricultura e Pesca do 11 de maio de 2001, da que a proposta en dito pleno era Iniciación do proceso de constitución do consorcio provincial da Coruña para a presentación do servizo contra incendios e salvamento, e nomeamento do representante da deputación na Comisión Xestora.

A seguir, procédese a votar a urxencia da proposta.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (15 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún.

Aprobada a urxencia, ábrese o debate sobre este punto.

### INTERVENCIONS

### Sra. Candacia Pita

Ó mellor quería intervir con anterioridade a persoa que mantén a proposta, en calquera caso, poido facer a intervención xa. A min paréceme incomprendible que se o día 16 se deixa sobre a mesa un punto da orde do día se traia o día 30, idéntico, sen falar cos grupos, sen que haxa unha comisión extraordinaria, porque mira que hai comisións extraordinarias, e resulta que cando as ten que haber, non sei por que motivos estraños non as hai. Entón, non hai comisión; tampouco hai Xunta de Voceiros; e o mesmo día do pleno, unha hora, ou media hora antes, chámase para dicir que se inclúa este punto da orde do día, tal cal, sen facer outra proposta. Entón, eu non vexo cál foi o significado de deixalo sobre a mesa no pleno anterior, desde logo escápase á racionalidade e non ten ningún senso. É unha mostra de incapacidade e de desplanificación, de desplanificación total.

Respecto ó contido, eu manteño a intervención do día anterior. Explíquenno cómo vai quedar iso e qué vai pasar, cómo vai haber un consorcio Provincial, unha cidade, que ten un convenio con dez concellos máis pequenos, e unha cidade que non ten convenio con ninguén, e que á súa vez os concellos limítrofes non pertencen a ningún consorcio, non pertencen a ese consorcio provincial. Explíquense como vai quedar iso, porque xa dixemos que isto era un absoluto caos, que non estaba claro, ademais de que non era unha competencia da deputación, que era algo que había que facer a través da Xunta, que se podía participar, pero non desta maneira, e seguimos coas mesmas e seguimos igual. Eu manteño a intervención, pero sigo dicindo que é unha falta de respecto a este pleno, á institución, e a todo, e ás persoas, mesmo, que quede un punto sobre a mesa, que non se faga unha comisión extraordinaria, que non se convoque nin sequera Xunta de Voceiros. Mais nada. Gracias.

#### Sr. Blanco Rouco

Agradecer a favorable acollida do voto de urxencia por parte dos grupos políticos, e tamén direi que esta é unha proposta que ten moita urxencia por canto que hai que botar a andar o consorcio provincial. Por iso solicitei que se votase a urxencia, e se no pleno anterior quedou sobre a mesa é porque por parte dalgún grupo político houbo unha proposta moi concreta e houbo unha proposta positiva, en función de que este consorcio provincial puidese levarse a cabo.

Efectivamente, non houbo comisión extraordinaria, pero si houbo contactos, para falar deste tema non facían falta horas, senón que ese pequeno contacto que puidera haber en función de achegar o que habería que achegar. E en efecto, os grupos políticos, ou algún grupo político, desexa ter coñecemento, e demanda máis información sobre os pasos que se vaian dar neste asunto, para o que, por suposto, nos hai inconveniente, informárase puntualmente nas comisións que *ad casum* se convoquen, como é tamén a nosa obriga, dada a transcendencia e importancia deste proxecto, que vai máis alá dun mandato; trátase dunha proposta ambiciosa, que rebasa accións puntuais e programas concretos, supón un compromiso entre dúas institucións, que enmarcará no sucesivo a solución ás posibles situacións de emerxencia que se orixinen en calquera rincón xeográfico da nosa provincia, é un servizo necesario, moderno e innovador, obrigado a ser áxil na toma de decisións. Por isto, a composición da comisión xestora pola deputación, e a Xunta de Galicia, conforme á xustificación e criterios que se debateron na comisión correspondente.

Desde logo, a proposta que o grupo político deste parlamento fixo, asúmese perfectamente, e como se dicía, terán un seguimento continuo e participación activa nas comisións que están preparadas para isto, como ademais é a obriga dun parlamento que así se xacta.



E Sr. presidente, sobre este tema non teño máis que falar, simplemente agradecer a urxencia, porque a verdade, para esta deputación, e para levar a cabo a inmediata planificación dos parques de bombeiros da provincia da Coruña, é moi necesario empezar a andar canto antes.

Sr. Fernández Moreda

O grupo socialista votou a favor da urxencia e o grupo socialista vai votar a favor da proposta que se nos fai, sendo conscentes de que é a mesma proposta que mereceu o noso voto de abstención no pleno extraordinario. E vou explicar por que.

Nosoutros, vostedes saben, tódolos membros desta cámara saben, que nos opuxemos a cómo se configurou o plan de bombeiros, que por certo foi unha iniciativa que formulou a anterior lexislatura o grupo socialista, pero non estamos de acordo en cómo se xestionou, cómo se tomaron decisións, pero xa pasamos o momento das críticas; estamos no momento da realidade; hai unha realidade, ben feita ou mal feita, pero hai unha realidade. O que se nos propón hoxe é nomear un representante da deputación para un consorcio, nosoutros pediamos no pleno extraordinario que queriamos participación, queriamos coñecemento, queriamos ter a oportunidade de suxerir e dar ideas ó goberno provincial para que isto funcione canto antes e funcione mellor. É certo que o que hoxe se propón e o que se propoñía hai quince días é o mesmo, e é certo que hai quince días nos abstivemos e hoxe votamos a favor. Primeiro: porque non é suficiente a palabra do goberno da Deputación provincial dicindo que van dar participación e van buscar as opinións e as ideas da oposición desta cámara cando teñan que adquirir compromisos coa Xunta de Galicia para o desenvolvemento destes parques de bombeiros. Non é suficiente con iso. A opinión en una comisión, a isto, decidese, esta é a proposta, escoitarannos, faranos caso ou non nos farán caso, iso é xa decisión súa, e é a súa competencia, pero eu confío en que imos ter a oportunidade de poder opinar, e poder expresar as nosas ideas. Polo tanto, dámonos por satisfeitos.

E segundo, hai outra razón que nos obriga a votar que si, e que é unha razón de responsabilidade: este pleno necesita a maioría absoluta para aprobar este punto. E eu quero dicir algo máis: se o grupo socialista fose coñecedor desta circunstancia no pleno extraordinario faría a mesma intervención que fixo, e votaría que si por responsabilidade, porque non queremos aproveitar unha circunstancia, unha circunstancia desgraciada, para facer obstruccionismo político, ou para facer filibusterismo político. E nestes momentos eu entendería que votar que non ou absterse, imposibilitando este acordo, imposibilitando que isto, que criticamos, que non nos gusta como vai, pero que é unha realidade que temos que poñer en funcionamento canto antes mellor para que cumpra cos obxectivos cos cales foi concebido, demorar, aproveitando unha circunstancia desgraciada, para nosoutros sería un acto de

irresponsabilidade, que este portavoz e o grupo que o sustenta non estarían de acordo en facer.

Polo tanto, cremos, confiamos na súa palabra, imos ter a oportunidade de opinar, de coñecer, de dar as nosas opinións, e vostedes terán a liberdade de aceptalas ou non aceptalas, é o xogo político, pero temos a oportunidade, confío niso, e desde logo, non podemos, desde o noso punto de vista, paralizar algo que é necesario poñer en funcionamento porque falte un voto para ter a maioría absoluta.

Por estas dúas razóns, que son razóns de responsabilidade, o voto do grupo socialista é favorable á proposta que, de forma extraordinaria e fóra da orde do día, presenta o grupo de goberno.

Sr. presidente

Moitas grazas a vostede pola súa postura, Sr. Fernández Moreda, e tamén ó seu grupo.

Sra. Candacia Pita

Só direi que o grupo de BNG neste tema sempre tivo a mesma postura, e en calquera caso botamos de menos que se nos chamara para falar, porque para dar ideas alguén nos terá que convocar, ou polo menos tería que estar posto na orde do día, para que nosoutros puideramos ter a idea de preguntarlle ó grupo de goberno cál era a proposta que tiñan e poder facer propostas. Pero claro, se non vai na orde do día, e tampouco ninguén nos pide a nosa opinión, pois é difícil que fagamos suxerencias. Máis nada. Grazas.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados ( 15 -PP e 11-PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún.

### ACORDO

**ACORDO SOBRE INICIACIÓN DO PROCESO DE CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO PROVINCIAL DA CORUÑA PARA PRESTAR O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.**

Préstase aprobación ó seguinte dictame da comisión:

“1.- Acordar o inicio dos trámites para constituír un consorcio provincial para prestar o servizo contra incendios e salvamento, con participación paritaria da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial da Coruña, pasando a integrar, con representación proporcional segundo o anterior, a Comisión Xestora do Consorcio Provincial que terá a representación provincial ata a definitiva constitución dos órganos de goberno do consorcio provincial.

2.- Designar como representante da Corporación Provincial da Coruña na Comisión Xestora do Consorcio Provincial da Coruña na Comisión Xestora do Consorcio Provincial a D. Juan Blanco Rouco.

3.- Deixar sen efecto os nove acordos de iniciación dos expedientes de constitución dos nove consorcios locais que ían xestionar os parques incluídos na programación provincial de parques de bombeiros.”

## **ACTUACIÓN DE CONTROL**

### **MOCIÓNS**

### **ROGOS E PREGUNTAS**

(Sae o Sr. Pose Miñones)

Sr. presidente

Eu teño aquí unha pregunta súa, Sra. Candocia, se a quere facer.

Sra. Candocia Pita

É unha pregunta respecto ó arranxo dunha estrada provincial no concello de Oroso, a estrada que vai de Sigüeiro a Garabanxa, está mal a nomenclatura da estrada, confundínme Sigüeiro co concello, pido desculpas, pero en todo caso creo que todos sabemos de qué estrada estamos falando. Esta estrada sufriu un arranxo innecesario, parece ser, que está traendo graves problemas á circulación rodada e de todo tipo, porque a capa de alcatrán que se está botando derrétese á mínima calor que vai, xa nestes días coa onda de calor que estamos pasando, senón os primeiros raios de sol que saíron xa empezaron a facer que se derretese, e iso fai que traia graves problemas de circulación, con perigosidade, etc. O que nosoutros non comprendemos, e por iso presentamos estas preguntas é como pode ser que nese mesmo concello haxa un montón de necesidades, que foron expostas nesta cámara, non polo grupo do BNG, pero xa foron expostas en moitas ocasións, como no caso concreto da parroquia de Marzoa, que pode haber outras máis, pero como un exemplo concreto de cousas

que xa viñeron a esta cámara, que desatendera esta deputación, que segue desatendendo, e que se empeñen en arranxar unha estrada que non o necesita, e que nestes últimos días estase intentando resolver o problema que causou este arranxo innecesario, pero segue sen resolverse.

As preguntas que nosoutros presentamos son por que decidir arranxar unha estrada que estaba en boas condicións, a canto ascendeu o custo dese arranxo, cómo se pode xustificar este gasto mentres se desatenden outras necesidades do mesmo concello, e cómo se van resolver os problemas derivados do dito arranxo.

Sr. Presidente

Moitas gracias. Creo que estamos falando da estrada provincial de Sigüeiro a San Mauro, por este tramo que mencionaba vostede. O arranxo desa estrada foi por proposta dos técnicos desta deputación, que entrou no Plan de conservación do ano 2000, cun orzamento global nesa estrada de 4.449.830.-, que abranguíu ese orzamento, hai que aclaralo, a apertura ou limpeza de 10.000 metros lineais de gabias e 6.375 metros de roza de maleza, e tamén, por suposto, a pavimentación desa zona, á parte do pintado da estrada. De tódalas formas pasareille por escrito o informe dos técnicos, vexo que está tomando notas, pasareille por escrito. Teñolle que dicir que parece ser que o motivo de que esa estrada non quedara perfecta foi quizais unha limpeza de grava, despois da rega bótase unha grava miúda por encima, que a limpeza desa grava miúda se fixera antes de tempo, e téñolle que dicir que os técnicos están encima diso para correxir canto antes esa deficiencia que ten esa estrada. De tódalas formas, se lle parece oportuno, pásolle por escrito o informe do técnico.

(Sae o Sr. Campo Fernández)

Sr. Mirás Franqueira

Eu tamén tiña un rogo presentado sobre esta estrada, efectivamente a estrada 3801, de Sigüeiro a San Mauro, na zona de Sigüeiro, que é onde ten ese deterioro do cal se falaba. Non vou falar do que pasou ata agora, é dicir, vou falar do que pasou desde onte a mediodía, porque o tema xa cambiou, xa están botando outra rega asfáltica, pero a verdade é que eu témome que non vai correr mellor sorte cós dous anteriores, porque claro, hai unha rega do mes de outubro, o venres ou o xoves pasado, outra rega máis, levantouse, e botárono onte, creou ademais un profundo malestar na localidade de Sigüeiro porque se está levantando toda a grava miúda, e levantando moitísimo po.

Entón, Sr. presidente, concretando, rógole, cambio o rogo e voulo facer de distinta forma do que o tiña redactado, porque xa digo, cambiou a situación desde onte ó mediodía, que tome cartas no asunto, e repárase iso en condicións..

E tamén informarei que o de estar levantando esas regas que se deran ultimamente está ocorrendo nalgunha estrada máis, como por exemplo na estrada Ordes-Ponte Carreira, paréceme que tamén na que vai de Carral a Cambre, -pasei hai uns días-, tamén lle está pasando o mesmo, que se están levantando esas regas que se están dando últimamente, que deben ser de moi mala calidade cando se están levantando así, é dicir, haberá que pedir responsabilidades á empresa, ós técnicos non sei a quen, pero a verdade é que están dando unha imaxe deplorable de cómo se están conservando as vías provinciais.

Non quero ser pesado, se me permite Sr. presidente, no anterior pleno eu preguntáballe se xa había data de cando se ían comezar as obras da ponte do Recreo en Ordes, Ponte Marzoa -Oroso, Ponte de Poulo -Ordes, e Ponte Pinguela en Frades. Como non me contestou ese día, tampouco tiña por que facelo, pois ben, era a ver se agora xa ten esa información e pódenos dicir cando van comezar esas obras. Moitas gracias.

(Sae o Sr. Toja Parajó)

Sr. Presidente

Empezando pola última pregunta ou rogo, esas pontes, no seu momento creo que se lle contestara, pero de todas formas direille que o problema era a falta de permiso de augas da Xunta de Galicia. Neste momento pódoo informar de que xa está solucionado ese problema, e polo tanto abordaranse canto antes.

No outro tema da estrada esa, 3801, direille que tomarei as medidas oportunas, pero tamén creo que hai que dicir que independentemente da calidade do betume ou do asfalto que se bote, ó ser unha rega, aínda que cause algunhas molestias ós veciños, eu creo que esa grava é necesaria, e non limpala, porque senón, se non se incrusta nese betume, pois pasa ó mellor o que estaba denunciando a Sra. Candocia, ó ser unha rega é o que pasa, se fora un conglomerado era diferente, pero ó ser unha rega, a rega leva unha capa de betume e logo leva esa grava, outra capa de betume e outra grava, polo tanto se limpamos esa grava, e pronto, sen que se incruste no asfalto, no betume, corremos o risco de que quede moi escorregante.

De todas formas, gracias ós dous pola súa preocupación por esa estrada, e tomarei as medidas oportunas cos técnicos correspondentes.

Sr. Rodríguez Doval

Eu quería facer dous rogos que teñen que ver en certa maneira co discorrer do pleno de hoxe. Un deles refírese a algo que creo que xa se tocou por algunha compañeira, respecto á mecánica de convocatoria das comisións informativas. Nosoutros xa deixamos constar no pleno anterior, cando foi a aprobación para o cambio deste pleno, que discrepabamos coa mecánica, en certa maneira, excesivamente acelerada e non xustificada, por razóns de operatividade da deputación, senón por outras razóns, de feito este pleno vai terminar hoxe, sendo un pleno ordinario, practicamente con tres cuartos de hora de duración, cando o anterior, que foi extraordinario, durou moitísimo máis.

Pero en todo caso, Sr. presidente, é evidente que a mecánica á que se está sometendo a esta deputación, teño aquí unha listaxe, e se non facemos mal as contas, foron un total de 17 comisións informativas e dous plenos. Se iso se vai manter porque esta institución vai ter unha maior efectividade, de cara á cidadanía, benvinda sexa esta mecánica, pero parécenos que esta mecánica está introducida por outro tipo de razonamentos, porque despois, efectivamente, vese que a maioría dos temas que viñeron hoxe aquí viñeron practicamente sen ningún tipo de debate.

E queremos dicir con todo isto que a nosoutros o que non nos gusta é que a mecánica de funcionamento estea condicionada por necesidades, supoñemos que exclusivamente do grupo de goberno, pero que non responden nin a necesidades de planificación, nin a necesidades de racionalidade, nin a unha maior efectividade por parte desta casa, porque xa acabamos de ver que aprobamos aquí plans do ano 98, etc., etc. Eu quixera facer un rogo ó Sr. presidente, de que a excepcionalidade se utilice cando hai que utilizar a excepcionalidade, o que non se pode é marcar unha dinámica que despois converte en normal o que é excepcional, e 17 comisións no mes de maio non están xustificadas por ningún tipo de mandato do Ministerio para as Administracións Públicas, nin dos concellos nin de nada, senón seguramente por outro tipo de razonamentos. E eu quero dicir que ademais corremos o risco de converter o funcionamento desta deputación, en certa maneira, en escandaloso, porque é escandaloso no plano político, no plano procedimental e tamén é escandaloso no plano económico. entón, eu fago esa petición ó presidente de que dea as ordes oportunas para que os responsables das diversas áreas se coordinen, planifiquen e procuremos respectar ó máximo o réxime de funcionamento do que nos dotamos por acordo plenario.

E outro rogo tamén, que ten que ver co punto anterior, que se refire a cómo o grupo de goberno aplica o consenso, ou aplica o que ten que ser acordos ós que debemos de chegar co maior consenso posible. E eu teño que dicir aquí que nosoutros somos favorables a que se dea o maior consenso posible, somos favorables a que esta deputación saque, co maior nivel de consenso e de unanimidade de criterios todos aqueles temas que así sexa necesario, porque partimos do criterio de que hoxe estamos aquí e mañá van estar outros ou outras. Pero claro, o

consenso hai que practicalo, e o consenso teno que practicar quen ten a responsabilidade política, e eu creo que o que non se pode é chegar aquí a un pleno como se chegou hoxe, cunha proposta á que se vota unicamente que quede encima da mesa, e despois sucede o que está sucedendo aquí, que se debate o mesmo. Entón, ou fomos parvos o día 16 ou somos parvos hoxe. Entón, que practique o consenso quen o ten que practicar, e aí o BNG está disposto a golpe de teléfono, a estar ós dous minutos cando se chame, pero ó Bloque Nacionalista Galego desde logo non se chamou para consensuar absolutamente nada. Se se prescinde diso, que non se nos pida despois que votemos a favor, porque parvos aínda non somos.

#### Sr. presidente

Empezando pola primeira exposición súa, eu creo que non é práctica habitual nesta deputación que haxa plenos extraordinarios, eu creo que non lembro neste momento, e teño bastante memoria, que houbera ningún pleno extraordinario nestes dous anos que levamos de lexislatura, agás o pleno dos orzamentos, que ás veces hai que facer un pleno extraordinario no mes de decembro, polo tanto creo que non é unha práctica habitual e non comprendo esas palabras, e sobre todo cando nese pleno extraordinario, de hai quince días, ían temas moi importantes, investimentos moi importantes, contías moi importantes, para poñer canto antes a disposición dos concellos. E polo tanto, eu considero eu con só gañar quince días que é suficiente para xustificar ese pleno extraordinario, sobre todo cando ían, se mal non lembro, máis de 500 millóns de pesetas en investimentos nuns temas e outros. E se gañamos quince días en poñer iso a disposición dos concellos, eu creo que é un tema importante, e eu creo que é xustificación suficiente para facer ese pleno extraordinario, que volvo repetir, non é práctica habitual nesta deputación, agás o pleno dos orzamentos no mes de decembro, cando se celebra normalmente.

Eu teño entendido, Sr. Rodríguez Doval, ou confundínme, que o voceiro neste tema, se fala vostede do consorcio dos parques de bombeiros, que houbo un contacto con ese grupo político, teño entendido que houbo un contacto, pero non imos discutir si si ou se non, como houbo un contacto co grupo socialista. Pois xa aclarei ese tema, pero a nosa vontade, e a miña vontade, é falar con todos, que non é a primeira vez que eu o chamo a vostede, ben o sabe, por algúns temas, e tamén neste caso eu entendín que houbo un contacto con vostedes, pero se non foi así pido desculpas, pero creo que houbo contacto con vostedes, e se non fora así pido desculpas.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remata a sesión sendo as trece horas e dez minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.

